



PLAN DE DIFUSIÓN ERASMUS+ NO IES SAN CLEMENTE



1. DESCRICIÓN.

O Plan de Difusión debe dar resposta ás preguntas: por que, quen, cando, para quen e onde se difundirán os resultados, tanto durante o período de financiación, como despois deste. Por tanto este plan permitiranos levar a cabo unha serie de actividades de comunicación e difusión dos resultados de maneira efectiva.

A elaboración do Plan de Difusión debe ser unha tarefa compartida tanto polos coordinadores, como polos participantes e tódolos socios nun proxecto Erasmus+. Durante a súa elaboración, hai que ter en conta que os obxectivos perseguidos sexan realistas, así como os tipos de actividades de difusión propostos, valorando que sexan adecuados ás características do noso centro educativo.

O alcance das actividades de difusión e aproveitamento de resultados aumentará co tamaño e a importancia estratéxica do proxecto, planificando actividades de difusión durante tódalas fases do proxecto, tanto dentro do noso centro educativo ou organización, como a diferentes niveis de alcance xeográfico.

Por outra parte, a difusión e o aproveitamento dos resultados do proxecto melloran a sensibilización ante as oportunidades que ofrece o Programa e destacan o valor engadido europeo das actividades soportadas por Erasmus+.

As metas da difusión e o aproveitamento dos resultados son:

- Sensibilizar.
- Ampliar o impacto.
- Conseguir que as partes interesadas e grupos destinatarios se impliquen.
- Compartir solucións e coñecementos prácticos.
- Influir na práctica e nas políticas.
- Desenvolver novas asociacións e redes de contacto.



2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN QUE SE REALIZAN.

2.1 Charlas informativas no IES San Clemente.

No comezo de cada ano académico organizamos no IES San Clemente dúas charlas informativas, unha dirixida ao alumnado dos ciclos superiores e outra dirixida ao alumnado do ciclo medio.

A estrutura de cada un dos relatorios é a seguinte:

- Membros do equipo de proxectos europeos describen o programa Erasmus+ e responde ás preguntas dos asistentes.
- Alumnado que desfrutou dunha bolsa Erasmus+ durante o presente ano describe a súa experiencia e responde ás preguntas dos asistentes.

www.iessanclemente.net/programas-europeos



2.2 Correos electrónicos a grupos de alumnado e profesorado.

Cada vez que está aberta unha convocatoria de solicitude de bolsa Erasmus+ envíaselle un correo electrónico ao alumnado e ao profesorado que fan parte do grupo obxectivo.

Tamén se envían correos electrónicos para informar de eventos relacionados coa participación do centro en proxectos europeos, premios e actividades de difusión.



2.3 Publicación na web do IES San Clemente.

P. EUROPEOS
ERASMUS+

Inicio | O Centro | Oferta Educativa | Matrícula | Novas | Dpto. Informática | Orientación | Contacto

Proxectos Europeos

Introdución

Novas

Prácticas no estranxeiro

Erasmus+

Procura de empresas

eTwinning

Introdución

Artigos

Multilingual
Screencasts

Sustainable Sea

Pek, the Traveller Flea

Christmas Card
Exchange

Letras Galegas

ZonaVET

FCT SdC-LX

AtlánticoVET

Two Islands Inspire

GaliMinho

Working together in
Europe

Um tripé para o meu

Erasmus+

O programa da Comisión Europea, "Erasmus for all" ou "Erasmus+", substitúe todos os programas previos (*Comenius, Erasmus, Leonardo da Vinci, Grundtvig, Xuventude en Acción, etc.*) desde o ano 2014.

19.06.18

O IES San Clemente participa en Erasmus+ como socio de envío, para o alumnado de FP Informática realizar prácticas no estranxeiro (módulo de FCT ou prácticas extra curriculares) e para o ex alumnado, prácticas dentro do ano posterior á titulación. O profesorado tamén pode participar en mobilidades *job shadowing*.

Os dous novos proxectos contan con **16** prazas para ciclos superiores, **14** para ciclo medio, **2** para profesorado e tamén dispomos de **2** prazas para estudos para ciclo medio.

No caso da FCT, existe outra alternativa de financiamento para realizar as prácticas no estranxeiro: a axuda da Consellaría de Educación.

O alumnado e ex alumnado pode solicitar a súa praza en calquera momento a [cubriendo este formulario](#).

Pode obter máis información nas seguintes ligazóns:

Información do IES San Clemente

- 🔗 Información xeral e documentación sobre proxectos europeos
- 🔗 FAQ! – FCT no estranxeiro: Preguntas Frecuentes
- 🔗 Criterios de selección de participantes nas mobilidades Erasmus+
- 🔗 Curriculum Europass
- 🔗 Suplementos Europass ao título
- 🔗 Proxectos Europeos: Novas

Información institucional

- 🔗 Portal da Comisión Europea – Erasmus+
- 🔗 SEPIE (España)
- 📄 Tríptico xeral sobre Erasmus+, Mobilidades para alumnado, Mobilidades para docentes
- 📄 Guía rápida sobre Erasmus+
- 📄 Guía do programa Erasmus+
- 📄 Guía detallada sobre Erasmus+
- 📄 Carta do estudante Erasmus+

Twitter: #ErasmusPlus **Facebook:** Erasmus+



Publicase na web do IES San Clemente, www.iessanclemente.net, toda a información relativa á participación do centro en proxectos europeos:

- Novas relativas á participación en proxectos europeos:

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/novas/>

- Descrición das accións chave de Erasmus+ nos que participamos:

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/>

- Descrición do programa Erasmus+, con documentación, FAQ, criterios de selección de participantes nas mobilidades.

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/erasmus-for-all/>

- Información de axuda ó alumnado na busca de empresas nas que realizar as súas estadias no estranxeiro.

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/procura-de-empresas/>

- Instrucións de axuda ó alumnado para a elaboración do Curriculum Europass en castelán, galego, inglés e portugués.

- Toda a información relativa a proxectos europeos eTwinning.

<https://www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning/>

- Carta Erasmus ECHE 2014-2020.

- Erasmus Policy Statement.

- Plan de modernización e internacionalización do centro.

- Carta Erasmus VET.



2.4 Publicación no blogue AtlânticoVET.

<http://atlanticovet.blogspot.com/>

AtlânticoVET

Início Introdução Ligações Difusão

Mostrar mensagens com a etiqueta **Estágio no Porto**. [Mostrar todas as mensagens](#)


DOMINGO, 28 DE OUTUBRO DE 2018

Trabalho de oficina

Bom dia a todos!

Já faz um tempo que nao faço publicações novas. Ocorreram muitas cousas: nova tarefa na companhia, aniversario da companhia, viagem a Porto... Comentarei tudo pouco a pouco em varias entradas.

Hoje falarei de como chegan os computadores ás instalacões da wDMI. Na wDMI reacondicionamos computadores, de forma que fican praticamente como novos. Sempre nos chegan en palets de entre 50 e 200 computadores. Por norma geral, sempre chegam assim os computadores:



SEGUIR POR EMAIL

Email address...

ETIQUETAS

- EN - (3)
- FP - (162)
- Aulas em Braga (8)
- Aulas em Lisboa (27)
- Aulas em Viana (5)
- Estágio em Covilhã (19)
- Estágio em Lisboa (105)
- Estágio em Viana (10)
- Estágio no Porto (93)
- Internship in Berlin (7)
- Internship in Dublin (55)
- Internship in London (15)
- Internship in Malta (2)
- Internship in Manchester (6)
- Internship in Scotland (2)
- Job Shadowing (16)
- Práticas en Compostela (91)
- Stage a Torino (1)
- Stáž v Praze (5)

ARQUIVO DO BLOGUE

▼ 2019 (7)

- Todos os participantes no programa Erasmus+ publican artigos describindo as súas experiencias vividas grazas á concesión dunha bolsa Erasmus+.
- O alumnado, tanto o que realiza prácticas como o que realiza viaxe de estudos ao estranxeiro, debe publicar entre dous e cinco artigos, o primeiro cara o comezo da estadía e o último cara o final.
- O profesorado que realiza unha estadía curta no marco deste programa debe publicar como mínimo un artigo.
- Invitamos o alumnado e o profesorado procedente doutros países da Unión Europea, ao que prestamos axuda para que poidan realizar estadías na nosa cidade, a que publiquen como mínimo un artigo describindo a súa experiencia. Normalmente a súa resposta é positiva.
- Os coordinadores e colaboradores do programa no IES San Clemente tamén publican artigos neste blogue. Por exemplo as auxiliares de conversa, tanto de inglés como de portugués, publican todos os anos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.iessanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



Erasmus+

2.5 Publicación en redes sociais.

Incluimos en Google+ os artigos publicados no blogue e na web do centro:

<https://plus.google.com/u/0/+ErasmusIESSanClemente>

Igualmente, en Facebook:

<https://www.facebook.com/iessanclemente>

2.6 Publicación en xornais.

Publicanse artigos dando a coñecer os resultados e as experiencias, pódense consultar os artigos publicados no enlace:

<http://atlanticovet.blogspot.com/p/17.html>



2.7 Proxectos Europeos eTwinning.

Cada ano académico creamos un proxecto eTwinning dedicado á xestión, coordinación e avaliación de mobilidades Erasmus+, así como á difusión dos resultados dos mesmos.

Varios centros educativos europeos de Formación Profesional utilizamos o TwinSpace para xestionar as mobilidades dos alumnos para prácticas no estranxeiro correspondentes á convocatoria que corresponde.

A través deste proxecto tamén lles proporcionamos ós participantes no programa información de interese para organizar o día a día da súa estadia no estranxeiro: aloxamento, transporte, compras, turismo, etc.

O proxecto recibiu o Selo de Calidade Europeo eTwinning.

Ademais, o IES San Clemente foi un dos seis centros galegos que recibiu o selo “Escola eTwinning” como recoñecemento ao traballo realizado polo profesorado, alumnado, PAS e auxiliares de conversa durante todos estes anos.

Twinspace x +

← → ↻ https://twinspace.etwinning.net/69085/pages/page/438300 ☆ ⌵ ⋮

Erasmus+ Login

eTwinning TwinSpace HOME PAGES

Pages

- ▶ Prácticas no estranxeiro
 - ▶ Preparación

▼ Prácticas no estranxeiro

Atención! As carpetas de documentos e moitas das páxinas deste TwinSpace son privadas por conter información sensíbel.

Blogue: atlanticvet.blogspot.com | Difusão

Proxectos Erasmus+


Varios centros educativos europeos de Formación Profesional utilizamos o TwinSpace deste proxecto para xestionar as mobilidades dos alumnos para prácticas no estranxeiro correspondentes á convocatoria de 2018:

- IES San Clemente, Santiago de Compostela, Galiza, España
- Instituto de Educação Técnica (INETE), Lisboa, Portugal

Disclaimer Contact Support About this site Code of conduct



2.8 Seccións bilingües en inglés e portugués. Ciclo plurilingüe en portugués.



Seccións Bilingües

Introducción

Novas

Actividades

Seccións Bilingües

O IES San Clemente imparte seccións bilingües desde o ano 2008, co obxectivo de mellorar o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado, adquirindo vocabulario técnico e preparándoo para a realización da FCT no estranxeiro e para o futuro laboral. Desde 2018 contamos co ciclo plurilingüe Sistemas Microinformáticos e Redes en portugués, no marco de Estrela PluriFP.



No ano escolar 2018-2019, estes son os módulos bilingües:

- > 1SMR – Aplicacións Ofimáticas (ciclo plurilingüe SMR). Portugués. Profesor: Marcos Vence.
- > 1ASIR – Fundamentos de hardware. Portugués. Profesor: Marcos Vence.
- > 2ASIR – Servizos de rede e internet. Inglés. Profesor: Bruno Vila.
- > 1DAM – Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información. Inglés. Profesora: Eva Pereira Loira.
- > 2DAM – Programación multimedia e dispositivos móbiles. Inglés. Profesor: Carlos Carrión.
- > 2DAM – Acceso a Datos. Inglés. Profesora: Eva Pereira Loira.

Unha das finalidades das seccións bilingües que se imparten no IES San Clemente é fomentar o espírito europeo no alumnado e facilitarlles o dominio doutras linguas da Unión Europea o cal lles facilitará a realización de estadias no estranxeiro e a súa posterior incorporación ao mercado laboral. A través destas seccións bilingües promóciónanse de maneira moi activa os proxectos Erasmus+.

No curso académico 2018/19 comezou a andar no IES San Clemente o ciclo medio en Sistemas Microinformáticos e Redes en modalidade plurilingüe en portugués con moito éxito de matrícula.

Este ciclo promove enormemente a realización de estadias no estranxeiro, tanto para prácticas como de estudos.



3. DEFINIR O IMPACTO E OS RESULTADOS.

O IES San Clemente leva anos participando ininterrompidamente en proxectos europeos, de maneira que o plan de difusión está integrado na nosa actividade de forma continuada, sen distinguir proxectos concretos senón valorando os seus resultados en conxunto, curso a curso, e sempre esforzándonos por mellorar.

Cabe indicar aquí que temos alumnos realizando mobilidades ao longo de todo o ano, durante todos os meses, en diversas convocatorias, tanto alumnado do ciclo medio como alumnado do ciclo superior e mesmo *incoming mobilities*. O plan de difusión aplícaselle a todas elas.

O impacto de tódalas actividades de difusión levadas a cabo é moi positivo, e boa proba disto é o incremento nas mobilidades realizadas ano a ano.

A impartición de clases en lingua estranxeira a través do programa de seccións bilingües en inglés e portugués e tamén a través do ciclo medio plurilingüe en portugués teñen un impacto notable na motivación do alumnado para aproveitar a oportunidade que lles brindan as bolsas Erasmus+ de realizar unha estadía no estranxeiro. O novo ciclo medio plurilingüe está tendo un impacto moi importante na demanda das becas Erasmus+.